

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE SETEMBRO DE 2024,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se aproba o Plan especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo, para o desenvolvemento e aexecución do *Plan España te protege contra la violencia machista* no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU. Importe: trescentos sesenta e cinco mil trescentos corenta e dous euros con cincuenta céntimos (365.342,50€).

CONSELLERÍA ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe e eximir da constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da Resolución pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento das grandes empresas e das pemes para a creación de centros dixitais de xestión remota (programa Centros Dixitais) para o ano 2024, cofinanciadas no marco do programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTX) e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva, por un importe total de oito millóns sesenta e sete mil catrocentos vinte e oito euros con sesenta céntimos (8.067.428,60 €).
- Acordo polo que se toma razón das bases que rexerán no concurso público de venda e concesión de dereito de superficie de parcelas de solo empresarial propiedade de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Comunidade Autónoma Principado de Asturias, para a prestación de asistencia sanitaria en determinadas zonas limítrofes de ambas as comunidades.
- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha da primeira fase do Plan de dotación do Novo Montecelo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 178 vivendas de promoción pública (VPP) , garaxes, rochos e locais na parcela MV7 do PP de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concendida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Cutlurais e a Fundación Carlos Velo, para o desenvolvemento da vixésimo novena edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF en 2024, por importe de sesenta mil euros (60.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea–NextgenerationEU.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P), por importe de catro millóns setecentos vinte e catro mil euros (4.724.000€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entra a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, para a realización do proxecto Modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais. Redecos – fase 2”, para o período 2024-2025, por importe de noventa e cinco mil seiscientos euros (95.600,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre propostas de mellora da seguridade viaria dos peregrinos nos camiños de Santiago cara ao Xacobeo 27.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre os proxectos dixitalización da rastrexabilidade dos residuos e construción dunha planta de recuperación de téxtil.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o alumnado matriculado nas ensinanzas de formación profesional no curso 2024/25.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL FRONTE ANTE O RISCO DE INUNDACIÓNS EN GALICIA

- O borrador da revisión xa recibiu informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil
- A Xunta apoia, a través do Inungal, a coordinación dos servizos de emerxencias para diminuír os riscos nas zonas asolagadas e reducir o impacto os accidentes e os danos

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal), que integra os novos estudos de risco, unha vez aprobados os plans de xestión de risco que elaboran os organismos de bacía. Tras a súa aprobación en 2001, xa se revisou en 2016 e sométese agora a unha nova revisión que xa recibiu o ano pasado informe favorable do Pleno da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil. Tamén en 2023 se remitiu o borrador da revisión do plan á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para que dese traslado aos concellos co obxectivo de acadar o máximo consenso posible.

O Inungal establece a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade lle corresponda á Xunta, e os que poden ser asignados a este por outras administracións, co obxectivo de minimizar os riscos nas zonas asolagadas ou prever e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos, mediante a mobilización de medios de evacuación e de asistencia sanitaria e de lugares de aloxamento para os evacuados, así como de mecanismos de restauración das vías de comunicación e servizos básicos afectados.

Este plan conta cos estudos de riscos por inundacións costeiras, fluviais e pluviais, incluíndo tamén os elaborados polos organismos de bacía. Tamén establece, con base no nivel de risco, cales son os concellos que deben ter un plan de actuación municipal fronte estas incidencias.

Como novidades desta revisión, actualízase a análise de riscos integrando os estudos de demarcacións hidrográficas, adáptase á nova norma básica de protección civil e actualízanse os datos das redes de alerta integrando o Modelo de avaliación do risco local de inundación (Merlin de Augas de Galicia). Ademais, o estudo de risco conclúe que se reduce o número de concellos obrigados a elaborar e redactar o plan municipal para este risco, ao pasar de ser obrigatorio en 62 a 51. Pola contra, aumentan de 29 a 45 os casos en que se considera recomendable.

O plan estrutúrase en cinco capítulos: fundamentos, análise de riscos, estrutura e organización, operatividade e implantación e mantemento. Neste último, recóllense as accións que cómpre desenvolver para que o documento sexa operativo e coñecido por todos os recursos que deben intervir na emerxencia. Unha vez implantado, o plan pasa á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fase de mantemento da operatividade, coa finalidade de garantir que as actuacións previstas permanecen vixentes.

Así, a Xunta apoia, a través do Inungal, a coordinación dos servizos de emerxencias para diminuír os riscos e reducir as consecuencias negativas das inundacións.

O Goberno galego tamén apoia os concellos para que poidan elaborar ou actualizar os seus plans a través da entrega de manuais de resposta fronte inundacións, unha ferramenta que lles permite planificar as actuacións neste eido. No marco destes protocolos cos municipios, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia mantén actualizados os procedementos de actuación ante alertas hidrolóxicas e meteorolóxicas. Do mesmo xeito, a Xunta mantén a mesma coordinación e planificación no que se refire aos protocolos de comunicación cos catro (4) organismos de bacía, co obxectivo de garantir a eficacia dos seus plans de xestión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 365.000 € A REFORMA INTEGRAL DAS CATRO VIVENDAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO PARA ATENDER VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Asinarase un convenio de colaboración para adecuar estes aloxamentos aos estándares actuais en canto a accesibilidade, acabados, eficiencia enerxética e instalacións

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo para acometer obras de mellora nas catro vivendas de titularidade municipal que atenden mulleres vítimas da violencia de xénero e que forman parte da Rede galega de acollemento. O orzamento deste acordo supera os 365.000 euros, procedentes de fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NexGeneration-EU*).

A través deste convenio, a Administración autonómica financiará actuacións centradas na mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética, así como a adquisición de novo mobiliario e equipos informáticos, a adaptación de estancias a persoas con mobilidade reducida ou a renovación da instalación eléctrica e de fontanaría, entre outras.

É a primeira vez que se asina un acordo destas características, e con el o Goberno galego pon en marcha unha serie de investimentos nos sete centros de acollida incluídos na rede autonómica, que están situados na Coruña, Ourense, Ferrol, Vigo, Burela, Chantada e Lugo.

A Xunta destina este ano 24 millóns de euros a loitar contra a violencia de xénero, un 15% máis ca o ano anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 100M€ A MELLORAR OS PROCESOS EMPRESARIAIS E MODERNIZAR A INDUSTRIA GALEGA NO MARCO DO PROGRAMA DE FONDOS DE TRANSICIÓN XUSTA

- Estes apoios permiten financiar proxectos empresariais,, fomentar a descarbonización nos sectores tractores de Galicia ou mellorar a eficiencia enerxética dos polígonos industriais
- A Consellería de Economía e Industria financia a posta en marcha de proxectos de creación de centros dixitais, con apoios que chegan ata o 80% do investimento subvencionable nos centros abertos e compartidos, e ata o 35% nos privados, e con anticipos de ata o 80%
- A liña enmárcase no programa de Fondos de Transición Xusta, que buscan xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas polo peche de explotacións mineiras e centrais térmicas, que no caso de Galicia se corresponde coa provincia da Coruña
- O obxectivo principal é facilitar ás empresas o acceso a dotacións dixitais e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos acordes ás súas necesidades
- Como novidade, nesta convocatoria poderán acceder aos apoios as empresas galegas non pemes, achegando a súa experiencia e capacidade investidora e de xeración de emprego como efecto tractor para a dinamización do tecido empresarial
- Os proxectos poderán consistir, entre outros, na creación de centros dixitalizados para o desenvolvemento de sistemas e conectividade dixital, monitorización ou xestión remota de activos ou instalacións, ou control e comando de operacións en calquera ámbito de actividade

A Xunta destinará no período 2021-2024 máis de 100M€ a mellorar os procesos empresariais e modernizar a industria galega no marco do programa de fondos de Transición Xusta. Así, estas axudas que se conceden a través do Igape e do Inega - dependentes da Consellería de Economía e Industria- permitirán financiar proxectos empresariais, fomentar a descarbonización nos sectores tractores de Galicia, a implantación de novas industrias, mellorar a eficiencia enerxética dos polígonos industriais, ou a creación dun polo de innovación tecnolóxica en enerxías renovables.

Neste marco, o Consello da Xunta coñeceu hoxe dunha nova convocatoria do programa de Centros Dixitais que, promovido polo Igape, suma 8M€ para mellorar a dixitalización do tecido empresarial e modernizar a industria galega a través de novos proxectos de creación deste tipo de infraestruturas. Con estes apoios contribuírase, tanto a nivel empresarial como local, a mellorar a dixitalización dos procesos empresariais, a contorna das empresas e os consumidores, e a modernizar e desenvolver a base industrial.

Cómpre salientar que a dispoñibilidade local destas infraestruturas dixitais de apoio e reforzo á industria beneficia de xeito especial ás pemes, ao permitirlles acceder a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dotacións dixitais e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos axustados ás súas necesidades.

Non en van, e como principal novidade desta convocatoria, este ano poderán acceder tamén aos apoios as compañías galegas que, non sendo pemes, teñan a capacidade de achegar a súa experiencia e capacidade investidora e de xeración de emprego como efecto tractor para a dinamización do tecido produtivo.

Deste xeito, os centros dixitais, que poderán ser para uso exclusivo da empresa promotora do proxecto ou ben para o seu uso aberto e compartido, atenderán ao desenvolvemento de sistemas e conectividade dixital, á monitorización ou xestión remota de activos ou instalacións, e o control e comando de operacións en calquera ámbito de actividade, especialmente para instalacións de produción ou de xeración de enerxías renovables e no ámbito da mobilidade.

Neste marco, o programa permitirá impulsar, entre outros, sistemas de simulación e sistemas de control de activos conectados, flotas de vehículos, captación e almacenamento de datos; sistemas de telemetría e telecomando tamén aplicables a vehículos e flotas, así como a instalacións enerxéticas, zonas de seguridade e espazos loxísticos.

O prazo de presentación de solicitudes para estas actuacións, que contan co cofinanciamento da Unión Europea a través do programa do Fondo de Transición Xusta 2021-2027, será dun mes desde a súa publicación. Ademais, o investimento subvencionable oscilará entre os 200.000€ e os 4M€, resultando o importe da axuda ata un 80% nos centros abertos e compartidos, e ata o 35% nos privados. Así mesmo, está prevista a posibilidade de realizar pagamentos anticipados de ata o 80% do importe da subvención.

A través do programa de Centros Dixitais o Goberno galego reforza a súa aposta por un modelo de crecemento intelixente, sostible e innovador, contribuíndo á modernización e desenvolvemento da base industrial da zona na que se instalen.

Neste sentido, cómpre salientar que a liña na que se enmarca este programa de Fondos de Transición Xusta busca xerar un impacto económico e social positivo e contribuír á consolidación das pequenas e medianas empresas nos lugares afectados polo peche de explotacións mineiras e centrais térmicas, que no caso de Galicia se localizan na provincia da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE A PORTA A QUE TODAS AS EMPRESAS SOLICITEN SOLO GRATUÍTO DURANTE OITO ANOS EN RÉXIME DE DEREITO DE SUPERFICIE

- Rueda destaca que a Xunta vai poñer a disposición do tecido produtivo máis de medio millón de metros cadrados “situados nunha vintena de áreas industriais”
- É a primeira vez que o empresariado galego poderá tomar parte nun concurso público en que se oferte de xeito conxunto a compra de solo e o dereito de superficie
- A medida, incluída na nova estratexia de política industrial do Goberno galego, busca facilitar o asentamento de novas empresas na Comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello tomou razón hoxe das bases que rexerán o concurso público de venda e concesión do dereito de superficie de parcelas de solo empresarial propiedade de Xestión do solo de Galicia Xestur, S.A., que inclúen a posta á disposición de solo gratuíto durante os oito primeiros anos en réxime de dereito de superficie. Unha medida pioneira que lle permitirá ao tecido empresarial galego acceder a máis de medio millón de metros cadrados situados “nunha vintena de áreas industriais da comunidade”.

Rueda lembrou que se trata dunha medida que o Executivo autonómico se comprometou a levar a cabo “nos primeiros meses da lexislatura” e que ten por obxectivo facilitar o asentamento de novas empresas na Comunidade ou ampliar as existentes a través de novos incentivos.

Deste xeito, a Administración autonómica licitará nos próximos días e, por primeira vez, de xeito simultáneo, a posibilidade de adquirir solo empresarial e a concesión do dereito de superficie, de maneira que todas as parcelas se poderán solicitar en calquera dos dous réximes. E no caso de apostar pola segunda fórmula, tal e como explicou Rueda permitirá que durante os oito primeiros anos o custo sexa cero, e que a partir do noveno se manteñan as condicións actuais, de maneira que o canon anual para aboar sería do 3,5% do prezo de venda da parcela.

Cómpre lembrar que ata a data, a concesión de solo en dereito de superficie estaba limitado a supostos moi excepcionais e implicaba o aboamento durante os primeiros anos dunha porcentaxe do prazo completo de venda da parcela: 1,5% para os dous primeiros anos, 2,5% para os seguintes dous anos, e para o quinto e sucesivos o 3’5% . Para os casos de adquisición de parcelas, o Goberno galego mantén a fórmula anterior, de maneira que se promove unha bonificación do 30 ou do 50%.

Outras novidades

As novas bases inclúen máis novidades con respecto a concursos anteriores. Así, no caso de concorreren varias solicitudes sobre unha mesma parcela nun mesmo réxime (venda ou dereito de superficie), “terán preferencia aqueles proxectos declarados previamente como empresariais singulares” por Xestur ou os declarados polo Consello da Xunta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como proxectos industriais estratéxicos. Para a súa consideración, teranse en conta o interese e a incidencia para o tecido industrial galego, que creen un mínimo de 25 empregos (entre directos e indirectos), que supoñan un investimento mínimo de dous millóns de euros ou a necesidade de ampliación do negocio xa existente.

Así mesmo, no caso de adquisición primarase “a oferta maior sobre a menor e a quen sexa propietario dunha parcela lindeira coa solicitada”, indicou Rueda. E, en ambos os dous casos (propiedade ou dereito de superficie doutras parcelas no mesmo parque empresarial), terá preferencia o ofertante que sexa dono dunha parcela ou parcelas no mesmo parque empresarial, que non sexan coestremeiras e se xustifique a necesidade de ampliación dunha industria ou establecemento xa existentes na mesma área.

Outra das novidades é que se dará prioridade a aquelas iniciativas que promovan a eficiencia enerxética a través do autoconsumo ou o uso de enerxías renovables, ou se comprometan a formar parte de comunidades enerxéticas.

O novo concurso público de venda e concesión de dereito de superficie das parcelas propiedade de Xestur porá ao dispor do empresariado galego preto de 522.000 metros cadrados en case unha vintena de áreas empresariais da Comunidade galega, unha cifra que se verá incrementada nos próximos meses a medida que se vaian incorporando novos proxectos de desenvolvemento do solo impulsados desde a Administración autonómica.

Deste xeito, o Goberno galego avanza na nova estratexia de política industrial que busca, fundamentalmente, impulsar novos sectores industriais estratéxicos; detectar e integrar novas cadeas de valor; promocionar a formación, a atracción de talento e o emprego de calidade, e mellorar a competitividade da industria galega a través da innovación, a dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización a través do Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN POR MÁIS DE 1,1 M€ DA REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 178 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, EN VIGO

- Este novo grupo de vivendas súmase ás 359 que está a desenvolver o Goberno galego no polígono 1 de San Paio de Navia, que ten xa en marcha neste momento na cidade 537 vivendas de promoción pública
- A licitación autorizada hoxe polo Executivo autonómico correspóndese co primeiro dos proxectos de redacción e dirección de obra que se licita no polígono 2 de San Paio de Navia, onde se prevé construír un total de 719 vivendas protexidas
- As 178 vivendas de promoción pública, garaxes, rochos e locais construíranse nun soar de 3.000 m², na parcela MV-7, deste polígono 2, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación por preto de 16,4M
- A Xunta continúa traballando no obxectivo de dotar a cidade de Vigo de 1.600 vivendas protexidas
- A Xunta segue a avanzar na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

O Consello da Xunta deu luz verde á contratación de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 178 vivendas de promoción pública (VPP) no polígono 1 en Navia, no concello de Vigo.

Con este acordo, este novo grupo de vivendas súmase ás 359 que está a desenvolver o Goberno galego no polígono 1 de San Paio de Navia, que ten xa en marcha neste momento na cidade 537 vivendas de promoción pública.

O Executivo autonómico autoriza así a licitación do primeiro proxecto para a construción destes novas vivendas neste polígono 2 de San Paio de Navia, por un investimento de máis de 1,1 millóns de euros.

En concreto, estas 178 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais construíranse nun soar de 3.000 metros cadrados, na parcela MV-7, deste polígono 2 e cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4M.

Unha vez autorizada hoxe a licitación deste contrato, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitarao nas vindeiras semanas.

Con esta nova contratación, o Executivo autonómico segue impulsando a construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e as súas áreas de influencia, ademais de incrementar o parque de vivenda na Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O goberno galego continúa traballando no obxectivo de dotar á cidade de Vigo de 1.600 vivendas protexidas en San Paio de Navia, distribuídas en tres polígonos: 733 no Polígono 1, das que 359 son vivendas de promoción pública; 719 neste Polígono 2, e coa previsión de executar outras 147 vivendas protexidas no polígono 3. Ademais, a Administración autonómica tamén investiu 24M€ na adquisición de solo.

Cómpre lembrar que na reunión semanal do Consello da Xunta do pasado día 9 deste mes, aprobouse a licitación da redacción do proxecto para a construción de 43 vivendas de promoción pública no Polígono 1, o que supón completar ao 100% as 359 previstas neste ámbito. Neste polígono estanse a executar xa as obras de urbanización, que está previsto rematar no primeiro trimestre do 2025, e se desenvolverán de xeito paralelo aos traballos construtivos dos edificios residenciais.

O Goberno galego continúa traballando no cumprimento do seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda, e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver chan para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 30 M€ PARA A PRIMEIRA FASE DE ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DO HOSPITAL PÚBLICO NOVO MONTECELO

- O hospital pontevedrés será o primeiro de Galicia en contar con todos os seus quirófanos dixitais, o que posibilitará a súa interconexión aos sistemas operativos do Servizo Galego de Saúde
- O investimento destinado a equipar a área cirúrxica do Novo Montecelo superará os 7,2 millóns de euros
- O plan reserva máis de 5 millóns euros á adquisición de equipos de ecografía
- Os novos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, que evitarán o desprazamento a Vigo de máis de 500 pacientes ao ano, contan cunha consignación en equipamento de 1,7 millóns de euros
- O investimento en equipos de alta tecnoloxía, para a realización de estudos de cabeza, colon, tórax e abdome, e estudos musculoesqueléticos, neurolóxicos ou cardiolóxicos, ascende a 1,1 millón de euros
- Destínanse máis de 2,5 millóns de euros a robotizar e automatizar o almacenamento da farmacia hospitalaria

O Consello da Xunta abordou esta mañá a primeira fase do plan de investimentos do Hospital Novo Montecelo de Pontevedra, unha actuación en que o Goberno galego investirá 30 millóns de euros e que posibilitará avanzar na instalación do equipamento co obxectivo de comezar a tratar os primeiros pacientes a finais de 2025.

Así, esta fase inicial do plan de equipamento e dotación do Novo Montecelo conta con 14 tipoloxías e representará un dos principais investimentos que o Executivo galego ten previsto para o Servizo Galego de Saúde no proxecto de orzamentos do vindeiro ano.

Deste xeito, o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra será o primeiro de Galicia en contar coa totalidade dos seus quirófanos dixitais, o que posibilitará a súa integración completa cos sistemas operativos do Servizo Galego de Saúde. Esta mellora, á cal a Xunta destinará unha partida de 1.480.000 euros, permitirá a interconexión dos diferentes equipos xeradores de imaxe no quirófano, a transferencia de imaxe e son fóra do propio quirófano, ademais da integración dos datos nos sistemas corporativos do Sergas (como a historia clínica electrónica IANUS).

Outro dos equipamentos previstos será o de imaxe intraoperatoria para mellorar a obtención de imaxes na área cirúrxica ou en contornos minimamente invasivos. O seu orzamento estimado é de 3.120.000 euros.

Dentro da área de cirurxía, tamén se prevén 2.620.000 euros para dotar o Novo Montecelo dunha central de esterilización para o procesamento do seu instrumental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ecógrafos, Radioterapia e Medicina Nuclear

A partida máis importante que inclúe a fase inicial do plan de dotación son os 5.023.315 millóns de euros que se destinarán á adquisición de equipos de ecografía con destino ao conxunto de servizos do novo hospital.

Así mesmo, os novos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear contan cunha consignación de 1.580.000 euros. Ademais, o Goberno galego licitará por 125.000 euros a compra de mobiliario clínico e equipamento, con destino a estas dúas unidades. Cómpre destacar que dotar con estas novas unidades o Hospital Público de Pontevedra evitará o desprazamento a Vigo de máis de 500 pacientes ao ano.

Entre as partidas reservadas para equipar o Novo Montecelo destaca tamén o investimento que se realizará para adquirir equipos de alta tecnoloxía, cuxo importe ascenderá, segundo as previsións, a 1.110.000 euros. En concreto, adquirírase equipamento para a realización de estudos xerais de cabeza e colon, de tórax, abdome e musculoesqueléticos, estudos neurolóxicos e cardiolóxicos. Nomeadamente, mercarase un tomógrafo computarizado para o servizo de Urgencias (659.000 euros) e investiranse 451.000 euros en dúas salas de radioloxía dixital sincronizada.

Farmacia hospitalaria e laboratorios

Pola súa banda, no que atinxe á farmacia hospitalaria, destinaranse máis de 2,5 millóns de euros para a robotización e automatización do almacenamento mediante sistemas de carrusel horizontal e vertical, co obxectivo de mellorar a rastrexabilidade e seguridade, e reducir o traballo automático do persoal na dispensación de medicamentos a pacientes ingresados ou ambulantés.

Tamén se adquirirá novo mobiliario e equipamento para os laboratorios de bioquímica, microbioloxía, hematoloxía e anatomía patolóxica. Dedicaranse 1.670.000 euros coa premisa de centralizar o fluxo das mostras e a información.

Outro equipamento hospitalario

O plan reserva 2.250.000 euros para a compra de camas de hospitalización xeral (1.285.000 euros), camas de pacientes críticos (615.000 euros) e cadeiras de brazos (350.000 euros).

Así mesmo, para a adquisición de elementos de suspensión e subministración estímense 2.115.000 euros, incluíndo cabeceiros da área de críticos (1.210.000 euros), columnas de cirurxía e de anestesia (760.000 euros) e guindastres (145.000 euros).

Para mellorar o seguimento dos pacientes críticos ou inestables e a rastrexabilidade dos parámetros fisiolóxicos, o plan dedica 2.321.826 euros aos sistemas de monitorización de pacientes. Nesta epígrafe inclúese tamén un sistema de monitorización na área materno-fetal (313.390 euros) co cal se centralizará o seu seguimento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, na área de cociña hospitalaria investíranse 3.800.000 euros para equipar e adecuar as novas instalacións, e incluíranse 219.858 euros para a compra de cabinas de seguridade e mesas de traballo.

Adianto de investimentos

Este plan de investimentos do Novo Montecelo xa conta en 2024, como adianto, con 2,6 millóns de euros destinados á compra de lámpadas cirúrxicas (603.499 euros) e distintos tipos de respiradores (2.034.615 euros). Este equipamento, a medida que sexa recibido, será utilizado xa no actual hospital para o seu aproveitamento.

Do mesmo xeito, en 2023 investíronse 7,7 millóns de euros para dotar con equipamento de alta tecnoloxía os actuais servizos do hospital pontevedrés e cos cales se ampliarán os servizos do Novo Montecelo. Esta actuación foi financiada pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Así, permitiu adquirir, por un lado, dous equipos de tomografía computarizada e unha resonancia magnética -xa en uso no actual hospital-. E, polo outro, para crear en Pontevedra os servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, mercáronse dous aceleradores, unha gammacámara, un equipo de hemodinámica e outro de tomografía computarizada, que xa se atopan instalados no búnker do Novo Montecelo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A COLABORACIÓN PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DA ATENCIÓN SANITARIA EN ZONAS LÍMITROFES DE GALICIA E ASTURIAS

- A principal beneficiada será a parroquia dos Coutos, no municipio asturiano de Ibias, con arredor de 50 habitantes, que serán atendidos no centro de saúde de Navia de Suarna e no Hospital Lucus Augusti de Lugo
- O marco territorial do convenio está constituído pola Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, e as áreas sanitarias con cabeceira en Jarrio e Cangas de Narcea, en Asturias
- Prima a funcionalidade asistencial sobre a dependencia administrativa para reducir os tempos de viaxe en beneficio da cidadanía
- Galicia xa colabora na asistencia sanitaria de pacientes de Castela e León e Portugal
- No eido das tecnoloxías da información e de datos, a sanidade pública galega é referente para outras comunidades e cedeulles o uso da aplicación dos programas de cribado de cancro a Asturias e Cantabria

As comunidades autónomas de Galicia e do Principado de Asturias colaborarán na prestación de asistencia sanitaria en determinadas zonas limítrofes de ambas as comunidades a través do convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Mediante este acordo, autorízase a remisión dos pacientes beneficiados, protocolos e asistencia sanitaria, así como o acceso ás historias clínicas ao Servizo Galego de Saúde.

O marco territorial de colaboración compóñeno a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, e as áreas sanitarias asturianas con cabeceira en Jarrio e Cangas do Narcea. Deste xeito, o ámbito de actuación inicial beneficia a veciñanza da parroquia asturiana dos Coutos, con arredor de 50 habitantes.

No caso da atención primaria, inclúese a atención sanitaria programada, así como a demanda no centro de saúde asignado, e a atención continuada.

A poboación de referencia será derivada ao centro de saúde e á zona especial de urxencias de Navia de Suarna (Lugo), situada a 26 minutos en coche fronte aos 45 minutos do seu centro de referencia, en San Antolín de Ibias (Asturias).

O centro de saúde de Navia de Suarna conta no seu cadro de persoal cunha médica, unha enfermeira e persoal administrativo. O número de tarxetas sanitarias que atenden é de 872, das cales 837 son adultos, mellorando notablemente as recomendacións das sociedades científicas que sinalan que as cotas non superen as 1.500 tarxetas.

A atención hospitalaria será prestada polo Servizo Galego de Saúde a través do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e incluírá a asistencia sanitaria urxente, consultas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

externas, hospital de día ou internamento cando sexa necesario. Neste caso, o tempo de viaxe verase reducido de 1 hora e 45 minutos a preto de 1 hora.

Transporte de pacientes

Con carácter xeral, todos os traslados interhospitalarios e o traslado dos pacientes derivados para seren atendidos na comunidade limítrofe serán por conta do Servizo Galego de Saúde, establecéndose mecanismos de colaboración entre as centrais coordinadoras de urxencias e emerxencias. Nos casos de urxencia vital ou tempo dependente, os servizos de emerxencias de ambos os servizos de saúde poderán solicitar a mobilización dos medios dispoñibles para unha correcta cobertura da situación.

En canto ás prestacións sanitarias facilitadas polo convenio, os gastos serán compensados polo Fondo de Cohesión Sanitaria ou o Fondo de Garantía Asistencial (Foga). Ademais, o Servizo de Saúde do Principado de Asturias (Sespa) comprométese a compensar o Servizo Galego de Saúde polos gastos incorridos por mor do desprazamento dos seus profesionais sanitarios ou por necesidades de reforzo de persoal no ámbito territorial de colaboración.

Galicia atende pacientes de León e Portugal

As zonas limítrofes constitúen un caso particular na organización dos servizos sanitarios, onde debe primar a funcionalidade sobre a dependencia orgánica para o beneficio da cidadanía. Nesta liña, o Goberno galego quere evidenciar a importancia da colaboración entre comunidades nos ámbitos de xestión e prestación de servizos sanitarios, permitindo a flexibilización dos seus sistemas e a mellora da atención sanitaria.

Así, a Xunta mantén un convenio similar con Castela e León polo que o Sergas atende no distrito de Valdeorras pacientes de municipios pertencentes á comarca do Bierzo e, en Verín, pacientes de Alta Sanabria. De forma recíproca, pacientes do municipio ourensán de Rubiá, concretamente da parroquia de Quereño, son atendidos pola Sanidade de Castela e León (Sacyl) no centro de saúde Puente Domínguez Flórez (provincia de León) se así o desexan. Igualmente, está prevista a derivación de urxencias ao Hospital do Bierzo (en Ponferrada).

Ademais, Galicia tamén presta asistencia sanitaria urxente nas zonas limítrofes con Portugal a través da Memoria de entendemento asinada entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Nacional de Emerxencia Médica do Goberno portugués. Este acordo establece o marco normativo para desenvolver, a través do 061, a colaboración sanitaria nas emerxencias entre Galicia e o Norte de Portugal.

O convenio de colaboración con Asturias autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten unha vixencia de catro anos e é susceptible de ser prorrogado.

Sanidade galega á vangarda en informática

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido das tecnoloxías da información e comunicación e de datos, a Xunta é un referente para outras comunidades autónomas na xestión da sanidade pública. De feito, a Consellería de Sanidade tenlles cedido a aplicación informática que xestiona os programas de cribado de cancro tanto a Asturias como a Cantabria.

A través deste sistema, denominado CRIIS, a Xunta realizou preto de 3 millóns de invitacións a participar nos programas de cribado, que supuxeron máis de 2 millóns de probas realizadas. Con esta aplicación, entre outras cousas, realízase a selección da poboación albo, a xestión das citas para probas e os seus resultados, e o seguimento de pacientes con resultados positivos.

Así, Galicia pon á disposición dos gobernos asturiano e cántabro, de forma gratuíta, todas as funcionalidades deste programa informático.

.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE Á CONSOLIDACIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL COMO CERTAME DE REFERENCIA DO AUDIOVISUAL GALEGO

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dota con 60.000 euros o convenio para a organización do certame internacional de cinema de carácter competitivo máis lonxevo da nosa Comunidade

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Fundación Carlos Velo, a través do cal mantén a súa colaboración anual de 60.000 euros para a organización do Ourense Film Festival (OUFF) como cita de referencia do audiovisual galego. Trátase, de feito, do certame internacional de cinema de carácter competitivo máis lonxevo da nosa Comunidade, que este ano revalida, ademais, a súa aposta pola creación e a industria audiovisual galega.

A 29ª edición do festival arrincou o pasado venres coa estrea do documental *Adolfo Domínguez: El eco de otras voces*, e programa ata o vindeiro día 6 de outubro 60 proxeccións en diferentes pantallas da cidade. Entre elas, unha decena corresponde á sección *Panorama Galicia*, posta en marcha o ano pasado co fin de ofrecer un apartado competitivo específico para a produción cinematográfica galega.

Outros dos espazos específicos para o audiovisual da nosa Comunidade no marco deste evento son *OUFF Lab*, dedicado á presentación de sete novos proxectos, e *Fas Curtas* e *Fas Muvis*, para apoiar os novos talentos, ademais de diferentes encontros profesionais e a entrega de premios honoríficos ao director Rodrigo Cortés, á produtora Andrea Vázquez, ao guionista Carlos Montero ou á actriz Aurora Maestre.

A contribución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao desenvolvemento do 29º Ourense Film Festival insírese no seu programa de apoio a festivais estratéxicos do sector audiovisual, do cal tamén forma parte a convocatoria anual de subvencións da que en 2024 resultaron beneficiarias 10 mostras cun total de 300.000 euros, un 33% máis que en 2023.

Esta é, así mesmo, unha das nove liñas de axudas ao sector publicadas en 2024 a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, cun investimento conxunto de preto de 6,7M€ nas distintas fases do proceso audiovisual: desde a súa xestación creativa ata a chegada ás pantallas, pasando pola rodaxe, difusión e comercialización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DUPLICA O NÚMERO DE AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA EN MENOS DUN ANO A TRAVÉS DUNHA LIÑA DE AXUDAS ESPECÍFICA

- Estas achegas van permitir a creación de 20 novas entidades deste tipo por un importe superior aos 775.000 euros, incrementando ata 44 as asociacións inscritas no Rexistro
- Coa creación e inscrición das novas agrupacións, este rexistro vai contar con 1.795 socios para xestionar conxuntamente 14.942 parcelas, cunha superficie total de 4.811,19 hectáreas, co fin de obter unha mellora na eficiencia e sustentabilidade da xestión forestal
- Ademais, no marco destas achegas, impartiranse 68 sesións divulgativas en distintos concellos das catro provincias galegas e realizaranse 101 actuacións sobre os terreos forestais

As axudas para o fomento e apoio das agrupacións forestais de xestión conxunta convocadas pola Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, van conseguir que se duplique o número de asociacións rexistradas en menos dun ano. Así o recolle o proxecto de acordo presentado hoxe ante o Consello da Xunta, no cal se recollen as actuacións que se prevén levar a cabo.

Neste sentido, as achegas, cuxa resolución se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia*, van permitir a creación de 20 novas entidades deste tipo por un importe superior aos 775.000 euros, incrementando ata 44 as asociacións inscritas no Rexistro Administrativo de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.

Tendo en conta a incorporación das novas agrupacións, este rexistro vai contar con 1.795 socios para xestionar conxuntamente 14.942 parcelas, cunha superficie total de 4.811,19 hectáreas, co fin de obter unha mellora na eficiencia e sustentabilidade da xestión forestal. Neste sentido, estableceranse 10 novas agrupacións na provincia de Ourense, seis na provincia de Lugo e catro na provincia de Pontevedra.

Estas achegas convocáronse a comezos deste 2024 con tres eixes de actuación, centrados na creación de novas agrupacións forestais e apoio ás xa existentes; na organización de accións divulgativas para impulsar o coñecemento e posta en valor destas asociacións; e no apoio ás asociacións sen ánimo de lucro que teñan como obxecto a comercialización conxunta de produtos forestais. Entre outras cousas, poderanse impartir 68 sesións divulgativas en distintos concellos das catro provincias galegas e a realización de 101 actuacións sobre os terreos forestais da Comunidade.

As asociacións forestais de xestión conxunta son moi útiles para o monte galego, xa que permiten mellorar a eficiencia económica, aumentar o acceso a recursos e promover prácticas forestais máis sustentables e responsables. Estas asociacións facilitan a implementación de medidas de conservación e sustentabilidade, como a prevención de incendios, a restauración de hábitats naturais ou a mellora da biodiversidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, ao formar parte dunha agrupación os propietarios, poden contar con asesoramento técnico especializado que mellora as prácticas de xestión e aproveitamento forestal, favorecendo unha mellor planificación a longo prazo. Outra das vantaxes é na comercialización de madeira ou outros produtos forestais de maneira conxunta, dado que a agrupación pode negociar mellores prezos e condicións no mercado debido ao maior volume de produto dispoñible.

Cómpre lembrar que esta iniciativa está aliñada coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica, que se estrutura en distintos eixes estratéxicos de intervención para o deseño e execución da política forestal galega. Concretamente, esta convocatoria de axudas contribúe a acadar os obxectivos estratéxicos do Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta.

Outras partidas orzamentarias para o monte galego

O fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta é unha das moitas partidas orzamentarias que ten facilitado o Goberno autonómico para favorecer e poñer en valor o monte galego. Así, destacan as achegas destinadas ao impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas; as axudas para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas, así como unha partida orzamentaria para o fomento de plantacións de castiñeiros para froito e rexeneración de soutos tradicionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACOMETERÁ XUNTO CO INTECMAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS A AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA REDE DE MONITORIZACIÓN COSTEIRA

- O proxecto prevé a adquisición de 12 sondas que serán fondeadas en puntos de interese que, unha vez operativas, serán integradas no Observatorio Costeiro de Galicia e no RAIÁ (Observatorio Transfronteirizo Galicia- Norte de Portugal)
- O obxectivo é mellorar o sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral
- Estes novos equipamentos permitirán obter maior coñecemento dos riscos a que se enfrontan as zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras e mellorar a súa xestión

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería do Mar, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores para a realización da segunda fase do proxecto de modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais (Redecos). O obxectivo é mellorar o sistema de recollida e datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral.

O proxecto prevé a adquisición de 12 novas sondas que serán fondeadas en puntos de interese que, unha vez operativas, serán integradas no Observatorio Costeiro de Galicia así como no RAIÁ (Observatorio Transfronteirizo Galicia- Norte de Portugal). Esta acción está enmarcada nas iniciativas desenvolvidas en Redemar, unha ferramenta pioneira que ten a finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre organismos científicos, o sector pesqueiro e a Administración pesqueira de Galicia.

Os novos equipamentos permitirán obter maior coñecemento dos riscos a que se enfrontan as zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras e mellorar a súa xestión. Este acordo terá unha vixencia ata finais de 2025, data en que se calcula que estará rematado o proxecto con todas as sondas fondeadas e operativas.

Observatorio Costeiro de Galicia

O Observatorio Costeiro de Galicia constitúe unha peza fundamental para subministrar datos e predicións de calidade que nutran a investigación e a xestión do medio mariño. Facilita, ademais, o desenvolvemento sustentable dos sectores produtivos e xera produtos de valor engadido que se traducen en servizos para a poboación. Na actualidade, a rede do Observatorio Costeiro de Galicia conta con 4 antenas Radar HF (Prior, Vilán, Fisterra e Silleiro) que ofrecen datos cada trinta minutos en tempo real de mapas da corrente superficial ata cen millas cubrindo o dispositivo de separación de tráfico do corredor de Fisterra, polo que navegan anualmente arredor de 40.000 buques. A eles súmanse 43 estacións oceanográficas (39 nas Rías Baixas e 4 no Golfo Ártabro) responsabilidade de Intecmar, e complétase coas 160 estacións meteorolóxicas de Meteogalicia, a cuarta parte na costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PESCA ARTESANAL COAS AXUDAS FEMPA, CO FIN DE GARANTIR UNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA, SOCIAL, E MEDIOAMBIENTALMENTE SOSTIBLE

- Destinaranse máis de 4,7 millóns de euros ata 2025, para proxectos destinados a favorecer a sustentabilidade na explotación dos recursos pesqueiros, garantindo a súa actividade a longo prazo
- O obxectivo deberá acadarse con iniciativas dirixidas ao desenvolvemento e vixilancia de medidas técnicas de xestión, seguimento das especies e sistema de recollida do estado dos recursos que mellore o seu coñecemento
- Beneficiaranse destas subvencións as confrarías de pescadores e as federacións destas; organizacións de produtores pesqueiros; e entidades asociativas xuridicamente recoñecidas ou sen ánimo de lucro integradas por profesionais do mar

O Consello da Xunta, autorizou a exención de garantías na realización de pagos en relación ás bases reguladoras das axudas que se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), coa finalidade de facilitar o acceso a estas achegas aos potenciais beneficiarios. Uns apoios autonómicos que teñen como obxectivo reforzar os recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e mediambientalmente sostible. En total, máis de 4,7 millóns de euros que se investirán ata 2025 en proxectos destinados á sustentabilidade na explotación dos recursos pesqueiros, garantindo a súa actividade a longo prazo.

As actuacións financiadas teñen no seu ámbito de aplicación a promoción de técnicas de semicultivo con traballos colectivos iniciais, a aplicación da economía azul e da perspectiva ecosistémica no aproveitamento dos recursos pesqueiros e marisqueiros, dando resposta á normativa europea que fixa como retos principais desenvolver actuacións para avanzar no equilibrio da frota, fortalecendo o control e a recollida de datos.

Este tipo de intervención permitirá, por tanto, reducir os impactos negativos sobre o medio ambiente, sendo a finalidade última a sustentabilidade na explotación da frota artesanal. Así, beneficiaranse destas achegas as confrarías de pescadores e federacións destas; organizacións de produtores pesqueiros, entidades xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector e entidades sen ánimo de lucro integradas por traballadores do mar.

Os proxectos, ao detalle

Para acceder a estas axudas, os proxectos deben estar destinados á asistencia técnica de estudo, orientación e control e á vixilancia. No primeiro caso, inclúense as seguintes actuacións: elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos: (avaliación de conservación da biodiversidade, nos paraxes da Rede Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños); optimización dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos (cartografado dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras, e da actividade extractiva, seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños); avaliación de poboacións e indicadores de saúde do stock das principais especies explotadas

Tamén recollen iniciativas de formación dos pescadores orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos e ecosistemas mariños; aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos pescadores, que pode incluír campañas de divulgación, redacción de proxectos de recuperación e de mellora da produtividade dos bancos marisqueiros; vixilancia epidemiolóxica (envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras; colaboración cos técnicos da consellería para a restauración e mellora da produtividade dos ecosistemas e bancos marisqueiros); e actualización do servidor ftp.intecmar.gal respecto das actuacións e plans de xestión incluídos no proxecto aprobado).

Polo que respecta aos labores de vixilancia, estas están relacionadas coa salvagarda do medio mariño e das súas especies, que serán supervisadas polo Servizo de Gardacostas da Consellería do Mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA BLINDARÁ A SEGURIDADE VIARIA DOS PEREGRINOS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO NO HORIZONTE DO XACOBEO 2027 CUNHA ACHEGA DE ATA 40M€

- Salienta que o obxectivo é afastar os peregrinos “das zonas perigosas de circulación” de vehículos coa creación de sendas peonís ou mellorando a sinalización
- Crearanse sendas en máis de 150 quilómetros dos nove camiños de Santiago por terra e comezaranse con actuacións no Camiño Portugués e no Inglés
- Enmárcase no traballo da Xunta por mellorar a experiencia da peregrinación nun momento en que o número de peregrinos está a medrar a un ritmo do 13%

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai destinar ata 40 millóns de euros a mellorar a seguridade viaria dos peregrinos en 150 quilómetros do Camiño de Santiago. “O obxectivo é afastar os peregrinos das zonas perigosas de circulación”, traballando “para que ese número crecente de peregrinos faga o Camiño nas máximas condicións de seguridade” indicou.

O proxecto actuará naqueles lugares do Camiño de Santiago en que hai treitos comúns coa rede de estradas. A idea é evitar que as persoas peregrinas e os usuarios en xeral transiten polas zonas de circulación de vehículos, creando sendas peonís alternativas. Para iso, a Axencia Turismo de Galicia realizou un estudo de inventariado e diagnose dos tramos comúns nos Camiños de Santiago onde o peregrino comparte estradas de distinta titularidade (provinciais, autonómicas ou estatais) cos vehículos.

Así, tras a diagnose, logo de avaliado o seu estado e identificados posibles riscos desde o punto de vista da seguridade viaria, planificáronse as actuacións necesarias que permiten mellorar os tramos comúns no que respecta á súa sinalización, estado de conservación e seguridade. Haberá actuacións nas nove rutas xacobeas por terra e os traballos comezarán “neste mes de outubro no Camiño Portugués e no Inglés”, indicou o presidente.

En concreto, tal e como explicou, as primeiras actuacións centraranse nun tramo do Camiño Portugués ao seu paso por Caldas de Reis, na estrada nacional N-550, á altura do núcleo de Carracedo, mediante a implantación “dunha senda peonil adxacente á propia estrada” para dar continuidade ás beirarrúas existentes. Realizaranse tamén axustes na sinalización do Camiño para guiar adecuadamente o peregrino polo trazado proposto.

Tamén está entre as primeiras actuacións a de mellorar a seguridade viaria no Camiño Inglés ao seu paso por Abegondo. Proponse un itinerario alternativo e seguro que discorrerá polos lugares de Limiñón e Meangos, sobre o río Mero e o seu afluente o Rego do Fontao, respectivamente, así como por certos tramos da estrada DP-0105, e unha agrupación de terreos lindeiros coa vía. Parte das actuacións que se van levar a cabo para a creación da senda atópanse nas marxes ou sobre a estrada DP-0105. No proxecto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

defínense as medidas que cómpre considerar para provocar as mínimas afectacións á estrada durante a execución das obras.

Tamén no Camiño Inglés, pero neste caso no termo municipal de Santiago de Compostela, actuarase no lugar da Sionlla. Crearase un novo trazado máis seguro que discorrerá relativamente paralelo á vía N-550, atravesando o leito do río Sionlla, e por unha agrupación de terreos próximos ao actual percorrido do Camiño. Ademais, dispoñeranse ao longo do percorrido, as medidas de sinalización e balizamento precisas, mediante a instalación de mouteiras con sinal e cuncha do Camiño de Santiago, varanda de madeira de piñeiro, e balizas para impedir o paso dos vehículos.

Posteriormente iranse realizando o resto de proxectos "co obxectivo de que estean listos antes do Xacobeo 2027", salientou o presidente. O proxecto inclúe actuacións no Camiño de Inverno e na Vía da Prata, en concreto, en 38 km en cada un dos itinerarios. Ademais, actuarase en 25 km do Camiño Norte, en 20 do Camiño Francés e en preto de 15 no Camiño Primitivo. As actuacións comprenderán tamén preto de 7 km no Camiño Portugués e pola Costa, 4 no Camiño Inglés e 2 no de Fisterra-Muxía.

Todas estas actuacións veñen completar o iniciado no ano 2015 en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas no denominado Plan de sendas de Galicia, que mellorou a seguridade viaria do Camiño cun investimento conxunto de 17,55 M€.

Este proxecto para a mellora da seguridade viaria enmárcase no obxectivo da Xunta de Galicia por traballar na excelencia da experiencia da peregrinación, un dos obxectivos do Plan director dos Camiños de Santiago 2027. Búscase, ademais, ir reforzando a seguridade dos peregrinos que cada vez son máis numerosos polos distintos itinerarios, e o número de Compostelas medra a un ritmo do 13%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONSTRUIRÁ A PRIMEIRA PLANTA PÚBLICA DE GALICIA PARA A XESTIÓN E RECUPERACIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS TÉXTILES, CUN INVESTIMENTO DE 14 M€

- Destaca que estará ubicada nas instalacións de Sogama en Cerceda e terá unha capacidade inicial para “tratar 3.000 toneladas anuais” que poderá ir ampliándose
- A previsión “é que estea rematada e lista para funcionar a mediados de 2026”
- Esta nova instalación enmárcase tamén no *hub* téxtil que quere impulsar o Goberno autonómico para atraer á Comunidade investimentos e empresas ligadas ao sector
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático indica que é unha das medidas principais do Plan estratéxico 2024-2030 de Sogama para modernizar a empresa e gañar en axilidade e eficiencia
- Para completar a transformación dixital da empresa pública, no mes de outubro empezárase a traballar nunha plataforma para a xestión automática de datos e información dos residuos que asegure a súa correcta rastrexabilidade en tempo real

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta “vai destinar 14 millóns de euros a construír a primeira planta pública de Galicia para a xestión e reciclaxe de residuos téxtiles domésticos” recollidos de forma separada.

O obxectivo, como salientou, é “seguir mellorando na xestión de residuos domésticos, avanzar na reciclaxe” e preparar as instalacións de Sogama para o “tratamento” destes refugallo que, por lei, os concellos van ter que recoller por separado a partir do vindeiro mes de xaneiro.

A futura planta, segundo o informe elevado hoxe ante o Consello da Xunta, enmárcase no proxecto estratéxico do Goberno autonómico para impulsar un *hub* ou polo téxtil cunha rede de infraestruturas que axude a atraer investimentos, empresas e proxectos relacionados cun sector en alza e que nos próximos anos se espera que realice unha grande aposta pola reciclaxe e a innovación.

Ademais, tal e como resaltou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, é unha das iniciativas máis destacadas do “Plan estratéxico 2024-2030 de Sogama”, un documento no cal se recollen as grandes liñas de traballo que guiarán a empresa pública a partir do ano que vén para seguir modernizando a súa xestión e ofrecer un servizo máis áxil, eficaz e eficiente aos concellos. “Xirará sobre dous eidos: esta planta e a trazabilidade”, indicou

Rueda anunciou que a futura instalación “estará localizada en Cerceda”, dentro do complexo ambiental, “e terá capacidade para tratar 3.000 toneladas anuais” deste tipo de refugallo, unha contía que se poderá ampliar, en todo caso, ata as 24.000 t/ano.

Unha vez que estea en marcha, a súa función principal será a de preparar para reciclar tanto residuos téxtiles procedentes das empresas de economía social que operan en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia (como Cáritas-Moda RE, Humana...), como aqueles que teñan a súa orixe en contedores instalados na rúa, ampliando así a capacidade actual de Sogama para xestionar novas fraccións de refugалlos, en liña coas exigencias e obxectivos comunitarios neste eido.

Coa posta en marcha desta planta, ademais, Galicia estará preparada para adaptarse e responder ás novas necesidades derivadas da normativa sectorial vixente (a Lei estatal de residuos e solos contaminados). Así, cómpre lembrar que desde o 1 de xaneiro de 2025 os concellos terán que implantar a recollida diferenciada dos residuos téxtiles, quedará prohibida a súa exportación e a destrución dos excedentes non vendidos e que os produtores serán obrigados a incorporar unha porcentaxe de fibras téxtiles recicladas na fabricación de novos produtos, o que incrementará a demanda deste material.

Ademais, e tendo en conta que actualmente só se recolle separadamente o 10,2% do residuo téxtil e que, tal e como resaltou a conselleira, “o 7% do lixo que chega a Sogama na bolsa negra (a que se deposita no contedor xenérico) é deste tipo”, a posta en marcha desta infraestrutura pioneira en Galicia contribuirá tamén a incrementar as actuais taxas de separación e de reciclaxe.

A construción e posterior operación destas novas instalacións terán un custo estimado de 14 millóns de euros, que se financiarán na súa maior parte grazas a unha axuda europea conseguida a través do Mecanismo de recuperación e tesiliencia (MRR) –por importe de 10,27 millóns de euros–, que se completará con fondos propios.

Unha vez garantido o financiamento para a súa construción, o obxectivo da Xunta, tal e como indicou o presidente, é que a nova planta proxectada en Cerceda “poida estar rematada e lista para funcionar a mediados de 2026”, para o cal prevé licitar as obras antes de que remate este ano.

Mellora da rastrexabilidade e Portal do cliente

Tal e como explicou a conselleira, outro dos proxectos clave do Plan estratéxico 2024-2030 de Sogama, que ten entre os seus eixes principais completar a transformación dixital da empresa pública, será o desenvolvemento dunha plataforma para a xestión de datos e documentación, chamada TRAZA, así como, nunha segunda fase, a posta en marcha do Portal do cliente.

A intención é avanzar cara a unha xestión automática de todos os datos necesarios para asegurar o control e a correcta rastrexabilidade do residuo, desde que entra na planta de transferencia ata que sae de Sogama, xerando de forma paralela información relacionada coa normativa sectorial e ofrecendo un servizo adicional aos concellos para a xestión automática de documentación co conseguinte aforro de tempo.

Esta previsto que o vindeiro mes de outubro se empece a traballar nesta plataforma, á cal se reserva un investimento de 2,1 millóns de euros, dos cales 0,9 millóns se financiarán con fondos europeos grazas a outra axuda concedida no marco do MRR.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o futuro Portal do cliente, cun custo aínda pendente de calcular e que se poría en marcha no horizonte do ano 2027, ofrecerá un servizo bidireccional aos 295 concellos adheridos a Sogama, pondo á súa disposición datos de interese para, entre outras cousas, axudar a coñecer como vai o seu desempeño en relación cos distintos obxectivos en materia de residuos, xestionar incidencias e peticións ou mellorar a comunicación coa empresa, entre outras vantaxes que contribúan a optimizar a súa experiencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FORMACIÓN PROFESIONAL ACADA UN NOVO RÉCORD HISTÓRICO CON 68.823 MATRÍCULADOS ESTE CURSO EN GALICIA E UN CRECEMENTO DO 7% NUN ANO

- Rueda destaca a “revolución silenciosa” destas ensinanzas que xa teñen “o dobre” de alumnos que no curso 2008-2009
- Asegura que estes datos acreditan que “imos polo bo camiño” no traballo da Xunta por modernizar, mellorar e adaptar a FP ás necesidades do tecido produtivo
- As titulacións de alta especialización, exclusivas de Galicia, así como os másteres de FP, lideran o incremento de matrículas cunha suba do 59% en ambos os casos
- O éxito da FP afiánzase de xeito xeneralizado nos distintos niveis e modalidades e no conxunto do territorio, cunha medra de case o 8% no eido rural, onde hai máis alumnos ca nunca
- Confírmase a potencialidade dos 28 centros que forman a Rede de centros integrados de FP, que aglutinan case o 49% dos estudantes destas ensinanzas en centros públicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que as ensinanzas de formación profesional en Galicia volven rexistrar este curso “un novo récord” con 68.823 alumnos, o que supón “un incremento dun 7%” (4.235 estudantes máis) con respecto ao ano pasado, e “o dobre” que no curso 2008/09 (34.766 matriculados).

Rueda salientou que isto amosa a “revolución silenciosa” que a FP está a vivir en Galicia nos últimos anos e é froito do traballo feito polo Executivo autonómico para mellorar, modernizar e adaptar estes estudos ás necesidades do tecido produtivo galego. “O crecemento é xeneralizado en todas as modalidades de FP e en todo o territorio da comunidade”, sinalou o presidente, quen apuntou que “estes datos acreditan que imos polo bo camiño”.

Tal e como se reflicte nun informe da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP elevado ao Consello da Xunta, este crecemento de matrículas é xeneralizado en todas as modalidades de FP, así como no conxunto do territorio, e deriva principalmente do deseño dunha oferta ampla, variada e actualizada que chega a todas as áreas xeográficas e que se viu reforzada este ano no eido da tecnificación e a alta cualificación, garantindo así unha formación á carta que se adapta aos intereses e ás necesidades de cada persoa, tal como marca a Estratexia da FP Galicia 2030.

Aposta pola alta cualificación

Neste sentido, Rueda destacou especialmente o crecemento da matrícula nos títulos de alta especialización, “unha formación exclusiva da nosa comunidade autónoma”, cun 59% de suba entre as 24 titulacións deste tipo ofertadas para este curso. Trátase de titulacións exclusivas de Galicia que foron deseñadas atendendo a unha demanda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

específica por parte do sistema produtivo, co deseño de propostas *ad hoc* e que este ano foron especialmente reforzadas por parte da Consellería.

O mesmo acontece cos másteres de FP, cuxa matrícula se volve incrementar este ano tamén cunha suba da demanda do 59% así como a modalidade de FP dual intensiva, que acadou un incremento de matriculados do 36%.

Neste curso hai 5.643 persoas matriculadas nun ciclo formativo básico (un aumento do 5,4%), 25.397 nun ciclo de grao medio (4,1% máis) e 37.783 persoas matriculadas nun ciclo de grao superior (un 8,5% máis).

Nestes momentos, tendo en conta a evolución demográfica, estímase que se está acadando o teito de matrícula de FP polas vías convencionais cunha estabilización de cara aos vindeiros anos. Dado este contexto, a Xunta de Galicia está traballando en abrir un novo paradigma da FP a través do Plan FPGal360, explorando fórmulas innovadoras de aproveitamento do potencial destas ensinanzas que permitan seguir atraendo persoas á FP galega.

Demanda alcista no rural

Así pois, con estes datos, a formación profesional galega afianza o seu éxito cun crecemento xeneralizado de matrículas en distintos niveis e modalidades, así como no conxunto do territorio.

Cómpre destacar que o reforzo da oferta de FP no rural -co maior número de prazas dispoñibles ata o de agora- tamén se reflicte nun aumento da demanda neste eido, cun aumento de matrícula de case o 8% e con máis alumnos ca nunca. Esta suba vai parella co deseño dunha oferta obxectiva, realista, actualizada e axustada ás necesidades do eido rural, onde este ano os estudantes puideron escoller entre un total de 7.631 prazas, un 11,5% máis (789 prazas máis) que o pasado ano.

Galicia avanza así na consolidación dun modelo educativo propio onde a igualdade de oportunidades, independentemente de onde se viva, é un dos seus sinais de identidade.

O impulso da Rede de centros integrados de FP

Neste éxito de matrícula cómpre destacar o papel que desempeña a Rede de centros integrados de FP (CIFP), que non parou de medrar nos últimos anos, ao pasar dos 9 que había en 2009 aos 28 actuais tras a recente incorporación dos Audiovisual de Vigo, Montecelo de Pontevedra e Vilamarín de Ourense, en 2023, e da Escola de Cantaría de Galicia (Poio), en 2024.

Non en balde, estes 28 centros que conforman a Rede incrementaron este ano o número de matriculados en case un 9% e concentran o 49% do total de alumnado de FP matriculado en Galicia.

Unha oferta axeitada ás demandas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O crecemento xeneralizado da matrícula reflicte unha resposta positiva á oferta ampla e variada de ciclos de FP deseñada pola Consellería de Educación para este curso, con 46.714 prazas de novo ingreso que foron deseñadas logo dun proceso de diálogo coa comunidade educativa e cos sectores socioeconómicos galegos.

Neste sentido, os matriculados puideron escoller entre 214 titulacións diferentes -17 delas de nova implantación- repartidas en 153 ciclos de grao medio, básico e superior, 22 másteres, 24 títulos de alta especialización e 15 programas formativos orientados a persoas con necesidades educativas especiais.

Esta planificación da oferta é o resultado final da aplicación das conclusións do Plan Conecta FP Galicia, onde, en coordinación e colaboración cos eidos socioeconómicos e territoriais, se deseñou unha proposta de formación á medida das necesidades e demandas dos sectores produtivos, e que se seguirá enriquecendo nos vindeiros anos.

Os datos analizados hoxe no Consello da Xunta fan fincapé nas principais cifras de matrícula de FP neste curso, das cales o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional informará mañá martes de xeito máis detallado.